



Aurora Marco presenta esta tarde en Couceiro o libro de memorias de Teresa Alvañar. MÓNICA FERREIRÓS

AURORA MARCO PROFESORA DA USC

«É moi importante pór rostro e voz ás mulleres represaliadas»

Edita un orixinal texto memorialístico de autoría feminina

JOEL GÓMEZ

SANTIAGO / LA VOZ

En marzo de 2007, no Teatro Principal de Santiago, Aurora Marco coñeceu a Teresa Alvañar López, nun acto sobre a memoria histórica. Despois estivo na súa casa, en 2009, onde verificou como esta muller, pertencente a una coñecida familia republicana coruñesa, tiña elaborado parte das memorias. Aurora Marco foi quen a convenceu e encoraxou para que as finalizase, e fixo a edición das mesmas en Laiovento, que esta tarde, ás 20.00 horas, presenta na Librería Couceiro.

—**¿Por que decidiu investigar e agora editar estas memorias?**
—Porque é un texto memorialístico moi interesante e mesmo orixinal de autoría feminina, de interese para a recuperación da memoria persoal e colectiva.

—**¿Onde centra ese interese?**

—Teresa relata feitos colectivos como a chegada da República, o levantamento militar, o franquismo na posguerra, onde aparece a historia da propia familia e de outras persoas republicanas e amigas. Ten tamén o valor do testemuño particular: é dos primeiros textos memorialísticos femininos onde se conta a vida persoal, que foi moi dura.

—**¿Que salienta desa biografía?**

—Na década de 1940 había un modelo ideal de muller para a patria, para o lar e para a Igrexa, ao que ela escapaba, porque as Alvañar foron mulleres moi libres, donas da súa vida, con moita forza e coraxe. Teresa sufriu moito; sacou adiante en solitario a catro fillos, estivo exiliada, e o libro narra a traxedia familiar que supón que desde 1936 nunca máis se volvesen xuntar. A nai morreu en 1942 no exilio,

de pena. E os catro irmáns só se reencontraron de novo en 1965 no enterro do pai, en París. Son unhas memorias que non deixan indiferente a ningún, porque fala a corazón aberto, con sinceridade abraiante.

—**O libro ten 3 anexos...**

—Si: un fotográfico, familiar; outro de documentos, cartas e poemas que lle escribían os presos republicanos; e un terceiro que é un álbum da nai, Amparo López Jean, unha xola bibliográfica inédita e de grande valor.

—**Hal tamén un vídeo...**

—Certo: Como ela ten 91 anos e non pode estar con nós, pareceu importante acompañar estas presentacións cun vídeo, de 15 minutos, de Pablo Ces. É moi importante pór rostro e voz ás mulleres represaliadas, e dela conservamos varias gravacións no país nos últimos anos.